

REGULAMENTO DA PROBA XII SAN SILVESTRE SOLIDARIA DE PONTEAREAS 2024

PREVIO Á CARREIRA

Art. 1º.- **Todos os participantes** polo feito de inscribirse declaran coñecer, entender e aceptar o presente regulamento

Art. 2º.- **O Club Taninos Runners Ponteareas**, con CIF: G94049871 e o **Excelentísimo Concello de Ponteareas ORGANIZAN**, o 31 de decembro de 2024, a partires das **16:00 horas** a “XII San Silvestre Solidaria de Ponteareas” sobre un trazado urbano de 5 Km.

Art. 3º.- **PARTICIPANTES E CATEGORIAS.**

Poderán participar todas aquelas persoas, federadas ou non, que o desexen sempre que estean inscritas, nos prazos establecidos para o efecto pola organización, e cumpran as condicións de participación.

Categorías Establecidas:

A **proba absoluta** estará aberta a tódolos atletas que teñan **cumpridos os 14 anos** de idade no día da proba.

Celebrarase a **San Silvestre Solidaria Infantil** con **cinco categorías:**

- Rapaces e rapazas de 6 e 7 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2024, cun percorrido **dunha volta** ás dúas prazas de Ponteareas, acurtando polo rúa máis ao norte da Praza de Bugallal. **Hora inicio: 16:30**

- Rapaces e rapazas de 8, 9 e 10 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2024, cun percorrido de **unha volta** as dúas prazas de Ponteareas. **Hora inicio: 16:40**

- Rapaces e rapazas con 11, 12 e 13 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2024, cun percorrido de **dúas voltas** as dúas prazas de Ponteareas. **Hora inicio: 16:50**

- Rapaces e rapazas de 4 e 5 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2024, cun percorrido, saída na rúa Oriente e chegada na praza Maior. **Hora inicio: 17:10**

- Rapaces e rapazas menores de 4 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2024, cun percorrido, saída na rúa Oriente e chegada na praza Maior. **Hora inicio: 17:20**

Art. 4º.- **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.**

As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización.

O feito de inscribirse implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se expoñen a continuación:

- Cada corredor participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma posuír un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e ter pasado os pertinentes controis médicos de saúde.
- A organización non se fai responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a participante.
- O/A participante exime de toda responsabilidade á organización que puidese derivarse da súa participación no evento (Ex. perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesións, atropelos, agresións...)
- Autorízase á organización o uso de calquera imaxe en publicacións, carteis ... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa e por escrito dirixida ao Club Taninos Runners Ponteareas (Valverde nº 1 Santiago de Oliveira - 36864 Ponteareas)
- Non se permitirá a participación de animais nas probas.
- Queda prohibido correr con patíns, patinetes ou carros de bebés, así coma calquera aparello rodante que puidese poñer en perigo aos participantes.

A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións expostos no presente regulamento. No caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a Organización.

Art. 5º.- **INSCRICIÓN**S.

Farase na PÁXINA WEB: www.cronotec.es dende o 25 de novembro ata o 26 de decembro de 2024 e non se admitirán nin inscricións posteriores nin o mesmo día da proba.

A inscrición será **GRATUÍTA** pero será **OBRIGATORIO A ENTREGA DE ALIMENTOS PRA PODER RECOLLER O DORSAL.**

A inscrición na proba é persoal e intransferible.

A inscrición na proba quedará limitada a **750 participantes** na proba **absoluta**.

Para os **rapaces** limitarase a **300 participantes** sumando as **catro categorías de idade**.

Esté ano habrá como agasallo en todas as categorías unha camiseta técnica, todos participantes que fagan a **inscrición antes do 9 de decembro terán asegurada a talla da camiseta**, todas as inscricións posteriores a talla será aleatoria.

ACCIÓN SOCIAL: Todos os participantes deberán facer obrigatoriamente unha achega de produtos alimenticios non perecedoiros, nomeadamente produtos de limpeza e hixiene persoal, e que serán recollidos polo **centro de reparto de alimentos da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Pontearreas**, na zona de entrega de dorsais, previa á retirada do dorsal.

Tamén poderán entregar alimentos e outros produtos de hixiene, persoal ou do fogar, non participantes e integrantes da organización.

O DÍA DA PROBA

Art. 6º.- **RECOLLIDA DE DORSAIS.**

Farase **no local do centro social situado na rúa Oriente**, nun lugar habilitado pola organización, de 11:00 a 13:00 e de 15:30 a 17:00 do día da proba.

Os participantes disporán dun servizo de gardarroupa na zona de saída e meta situado na praza maior.

Na mesma zona farase a entrega da bolsa do corredor ao rematar a proba.

Art. 7º.- **PERCORRIDO.**

As categorías infantís completarán o percorrido:

Saída e chegada na Praza Maior fronte ao edificio da seguridade social, con dirección sur cara a rúa da Esperanza, seguimos pola Praza Bugallal, xiro á esquerda pasando fronte á porta principal da igrexa parroquial para acceder á zona de saída e chegada pola rúa de Oriente.


Rapaces e rapazas de 6 e 7 anos: **unha volta acurtada** pola rúa da praza de Bugallal que unen a rúa Esperanza coa rúa de Oriente. 16:30 Horas

Rapaces e rapazas de 8, 9 e 10 anos: unha volta. 16:40 Horas

Rapaces e rapazas de 11, 12 e 13 anos: dúas voltas. 16:50 Horas

Rapaces e rapazas de 4 e 5 anos: saída da rúa Oriente e chegada praza Maior. 17:10 Horas

Rapaces e rapazas menores de 4 anos: saída no final da rúa Oriente e chegada praza Maior. 17:20 Horas




Categoría absoluta, 14 ou máis anos:

Os corredores completarán **1 volta** ao seguinte circuíto urbano:

Saída e chegada na Praza Maior fronte ao edificio da seguridade social.

Saimos da Praza Maior en dirección pola rúa Arxentina onde xiramos a esquerda cara a rúa da Esperanza, seguimos pola Praza Bugallal, continuamos por Senén Canido e a continuación continuamos recto por Amado Garra, xiro á esquerda por rúa Azorín, xiro a esquerda por Rosalía de Castro e xiro á esquerda rúa Concha Brey e enlazamos recto coa Avda da Constitución, seguimos pola Praza de Bugallal, continuando por rúa Oriente onde volvemos a entrar na Praza Maior e continuamos pola rúa Calexa, xiro a dereita rúa dos Ferreiros, xiro a esquerda rúa San Roque, xiro a esquerda rúa Cortiña Vella, xiro a dereita rúa Baratillo, xiro a dereita para rodear a praza da Perillana, xiro a esquerda rúa Braña, xiro a dereita rúa Dr. Fernandez Vega, continuamos pola rúa Castiñeira ata o final onde facemos un xiro de 180 grados pra volver pola mesma rúa castiñeira, xiro a dereita cara rúa A Estrada, rodeamos o auditorio por rúa Morales Hidalgo ata enlazar coa rúa Arxentina, xiro a dereita rúa Esperanza, seguimos pola Praza Bugallal, continuamos por Senén Canido e xiro á dereita rúa Reveriano Soutullo, xiro a esquerda rúa Salvaterra, xiro á esquerda por rúa Virxe da Luz, xiro á dereita por Amado Garra, xiro á esquerda por rúa Azorín, xiro a esquerda por Rosalía de Castro, xiro á esquerda rúa Concha Brei e xiro á esquerda pola rúa Virxe dos Remedios, xiro a dereita rúa dos Mestres, xiro a dereita rúa Alfonso Vázquez Fraile, xiro á esquerda pola rúa Daniel Ojea, xiro á dereita pola rúa Amado Garra, xiro á dereita pola rúa Reveriano Soutullo, xiro esquerda por Avda da Constitución, seguimos pola praza de Bugallal e continuamos pola rúa de Oriente para chegar á Praza Maior onde estará a liña de meta.



Nº Voltas ao circuíto: 1 Distancia: 5 km aprox.

Horario da saída: 17:30h Avituallamento na Prza Maior ao rematar a proba.

Art. 8º.- **SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES.**

A Organización disporá dun servizo médico formado por un/ha médico, un/ha enfermeiro/a e unha ambulancia, situados na zona de saída e chegada

O seguro de Responsabilidade Civil será o seguro do Concello de Ponteareas.

Así mesmo, todo participante non federado, disporá dun seguro de accidentes, non lesións, soamente para o día da carreira, contratado polo Concello de Ponteareas.

Art. 9º.- **DESCUALIFICACIÓNS.**

O servizo médico da competición, ou o director de carreira, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o percorrido completo, que non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas á organización.

Art. 10º.- PERSOAS NON INSCRITAS.

Toda persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade, non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza instaráselle a abandonar o circuíto.

POSTERIOR Á CARREIRA

Art. 11º.- PREMIOS.

Polo carácter solidario e non competitivo da proba, non haberá máis premio que o poder correr polas rúas da Nosa Vila o derradeiro día do ano. Non haberá clasificacións, nin podio, nin premios.

Haberá un obsequio pra todos os participantes na San Silvestre Infantil.

Art. 12º.- SERVIZO DE DUCHA.

Os participantes disporán dun servizo de ducha no pavillón Álvaro Pino de Ponteareas, aberto ata unha hora despois de finalizar a proba.